



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde en funcións D. Rubén Vázquez Pérez (Resolución da Alcaldía núm 1024/2025, de data 31 de outubro)

### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e tres minutos do día catro de novembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do primeiro tenente de alcaldesa D. Rubén Vázquez Pérez (Resolución da Alcaldía núm 1024/2025, de data 31 de outubro) e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2025**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de outubro de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de outubro de 2025.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:



- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, orde de 21 de outubro de 2025, pola que se modifica a Orde de 22 de xullo de 2024, pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado á realización de investimentos en infraestruturas municipais de carácter estratéxico, previsto na letra i) do artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, publicada no Diario Oficial de Galicia número 142, de 23 de xullo (código de procedemento PR486E). DOG número 209, de 29 de outubro de 2025.

### **3.- PROPOSTAS**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de outubro de 2025 (CVD: RL4DvSFPIhzXCOZVbRHA), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA AREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de novembro de 2024 (CVD: VMRG2SY7eiDpRmMs9R46) polo que se aprobou o expediente de contratación tramitado para a contratación, da obra denominada “PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRUAS EN RUA RÍO GÁNDARA DE A BARCALA” cun prazo de execución de 12 meses, cun orzamento base de licitación de 30.000 euros (IVE incluído), sen que procedaa revisión de prezos do mesmo (Expediente TEDEC 2023/C003/000012).

Vistas as actas das sesións do órgano de asistencia de datas, 21 de febreiro de 2025 (CVD: slb82aC1EIBpJWS0dpGC), 11 de marzo 2025 (CVD: vmooi8F2uFgx11LU4Qn), 3 de xuño de 2025 (CVD: xID12KoCyEpfSbiWizSz) nas que entre outras cousas, nesta última, consta que o referido órgano propuxo a adxudicación do contrato a favor de “LOPEZ Y LEIS, S.A” no prezo ofertado de 23.600 euros (sen IVE) e 28.556 euros (IVE incluído) e de 11 de setembro de 2025 (CVD: iZpmZQ31qEiLQ8DpHvQg), pola que se declara que “LOPEZ Y LEIS S.A.” ha presentado correctamente a documentación requirida en la Cláusula 16 de PCAP (.../...)”.

Vista a documentación aportada polo licitador proposto como adxudicatario.

Visto o informe da técnico de xestión da Administración Xeral interina con conforme da secretaria xeral, previo a adxudicación de data 18 de setembro de 2025 (CVD: R0ub8Uu+PfGkFJrw3dGI) no que se informa favorablemente a adxudicación do contrato.

Visto o informe da intervención de data 24 de setembro de 2025 (CVD: YgGP67nAq3P+DUqPvqKc) no que, entre outras cousas e según se transcribe: “...[ X ] Fiscalizado có seguinte reparo no que se refire á existencia de crédito axeitado e suficiente que, para que non teña carácter suspensivo (216.2.a TRLFL), deberá ser solventado ANTES da adxudicación:

X\*.A: no expediente tedec número 2023/A008/000001 constan as seguintes notificacións con incidencia na vixencia do compromiso firme de achega por importe de 12.070,80 € (financiamento) a cargo da Deputación Provincial de A Coruña:

- a notificación da resolución da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña número 49688 do 29 de novembro de 2024 pola que se resolve conceder ao Concello de Cambre unha



- prórroga do prazo de adxudicación ata o 30 de novembro de 2025 de, entre outros, o investimento denominado Pavimentación de beirarrúas na Rúa Río Gándara da Barcala.
- a notificación da resolución da Presidencia da Deputación Provincial de A Coruña número 49690 do 29 de novembro de 2024 pola que se resolve conceder ao Concello de Cambre unha prórroga do prazo de execución ata o 30 de novembro de 2025 de, entre outros, o investimento denominado Pavimentación de beirarrúas na Rúa Río Gándara da Barcala.

Tendo en conta que a falta de xustificación en prazo é un dos motivos polos que decae o dereito a percibir un financiamento afectado, que o prazo de execución da obra é de 12 meses e que a prórroga foi concedida ata a mesma data (30.11.2025) e para diferentes fases del procedemento (adxudicación e execución) **ADVIRTO POR ESCRITO que, ANTES** de continuar coa tramitación e aos efectos de garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, deberá quedar **constancia fidedigna no expediente da vixencia do compromiso firme de achega (financiamento)** a cargo da Deputación Provincial de A Coruña. Se dito compromiso **non estivera vixente ADVIRTO POR ESCRITO que ANTES** de adoptar, no seu caso, o acordo de **adxudicación** é preceptiva a dotación orzamentaria polo importe de 12.070,80 € .

**En todo caso o Concello de Cambre deberá dotar crédito polo importe da achega municipal (16.485,20 €) mediante a oportuna modificación de crédito.**

Os reparos emitidos no meu informe referencia LMR "PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE ACERAS EN C/ RÍO GÁNDARA DE A BARCALA" POS+ 2023 A-BIS / 2024, asinado o 20.10.2024 (CVD: 3YHxmKtQ2/cSdmZsr5sH) foron solventados có informe técnico do 30.05.2025 (CVD: a/DRXN7U7OszIKWrF3KT) (X\*.B).

Vista a notificación da resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña nº 49688 do 29 de novembro de 2024 pola que se concede unha prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos pendentes de adjudicar incluídos no plan provincial de cooperación ás obras e servizos competencia municipal POS+ 2023 (Plan Único de Concellos) e notificación da resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña nº 49690 do 29 de novembro de 2024 pola que se concede unha prórroga do prazo de execución dos investimentos pendentes de executar incluídos no plan provincial de cooperación ás obras e servizos competencia municipal POS+ 2023 (Plan Único de Concellos) nos que se inclúe a prórroga para a adxudicación e execución da obra obxecto do presente procedemento ata o 30 de novembro de 2025.

Visto que consta no expediente aprobación da modificación presupuestaria para achega municipal por importe de 16.485,20 euros (aplicación presupuestaria 151 61900, referencia 22025001642) Nº de operación 220250001457.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Declarar válida a licitación admitindo nela a "LÓPEZ Y LEIS, S.A", "CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS, S.L.", "ATYGO LUGO S.L.", "BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.", e "CONSCYC 2020, S.L."

**Segundo.-** Otorgar as puntuacións que seguen ás ofertas presentadas:

Nome empresa	Oferta económica	Total
CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS, S.L	24.049,59	84,49



ATYGO LUGO S.L	24.580,00	79,21
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L	24.600.00	79
LOPEZ Y LEIS S.A	23.600,00	88,99
CONSCYC 2020, S.L	24.540,00	76,60

**Terceiro.-** Adxudicar a execución da obra denominada “PROXECTO TÉCNICO PARA PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRUAS EN RUA RÍO GÁNDARA DE A BARCALA” a entidade mercantil “**LÓPEZ Y LEIS, S.A**”, no **prezo ofertado de 28.556,00 (IVE incluído)**, cun prazo de execución de 12 meses.

**Cuarto.-** Designar director de obra ao enxeñeiro técnico de obras públicas interino, don David Fraga Germade, que exercerá, así mesmo, as facultades de responsable do contrato, isto de conformidade co establecido no artigo 62.2 da LCSP, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación prestada.

**Quinto.-** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma TEDeC, ao responsable do contrato e ao departamento de intervención para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

**Sexto.-** Notificar este acordo aos licitadores presentados e publicar este acordo de adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 31 de outubro de 2025 (CVD: RL4DvSFPIhzXCOZVbRHA), resultando aprobada por unanimidade dos/as sres/as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 24 ao día 30 de outubro de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 1000/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1021/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1000/2025	24-10-2025	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xuño de 2025, así como tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 60.596,43 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xuño de 2025 por importe de 18.251,87 euros. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos (5.617,07 euros) correspondentes ós seguros sociais do mes de xuño de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 5.806,00 euros. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos xuros de mora correspondentes ós seguros sociais do mes de xuño de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 188,93 euros
1001/2025	24-10-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 28 de outubro de 2025, ás 10.00 horas
1002/2025	24-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, na Praza José Luís Caso Cortines, O Temple a CCG
1003/2025	24-10-2025	Non estimar o recurso de reposición interposto por MICS contra a resolución da Alcaldía núm. 1520/2024 con data do 17 de decembro de 2024 pola que se aproba a autorización e disposición do gasto por importe de 405,74 euros en concepto de aumento do prezo xusto para unha parcela do proxecto de expropiación forzosa para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre, así como a autorización e disposición do gasto por importe de 517,07 euros en concepto de xuros por demora na determinación e pago do dito prezo xusto, así como tamén se acorda o pagamento dos ditos importes e se cancela o depósito do importe de 1.119,32 euros de tal prezo xusto que fora consignado na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía e Facenda da Coruña para o seu pago a MICS, por todos e cada un dos fundamentos de dereito recollidos no informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior incorporado á resolución
1004/2025	24-10-2025	Ter por desistido da súa solicitude de cambio de domicilio no Padrón municipal de habitantes de Cambre, para a rúa María Mariño a JRA
1005/2025	24-10-2025	Ter por desistido da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes de Cambre, na rúa Estanque, O Temple a SEPV



1006/2025	24-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, no lugar da Patiña, Cela, a CLGR
1007/2025	24-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: DMV
1008/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ERC
1009/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: GHCM
1010/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JMRM
1011/2025	24-10-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 10/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.3 da ordenanza reguladora, non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada. Solicitante: LBdeG
1012/2025	24-10-2025	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a MIMR. Motivo da baixa: Falecemento. A data de baixa é: 24/09/2025
1013/2025	24-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SMCP
1014/2025	24-10-2025	Denegar, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 20/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: PME
1015/2025	24-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CGR
1016/2025	24-10-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 25/06/2025, xa



		que, segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: CHRV
1019/2025	27-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de outubro de 2025
1020/2025	29-10-2025	Considerar desistida a MJME da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data /08/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1021/2025	29-10-2025	Rectificar o erro detectado no punto segundo da parte dispositiva da resolución da Alcaldía número 1000/2025, de data 24.10.2025, pola que se aproban as despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de xuño de 2025 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Rubén Vázquez Pérez

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo